

■ Arrastra as palabras

A luz é unha _____ que emiten os obxectos ou fontes luminosas e que se propaga a través de _____; é unha forma de enerxía porque se pode transformar _____ e é capaz de _____. Por exemplo, axuda aos seres vivos, como as plantas, no seu crecemento. A enerxía da luz _____.

noutros tipos de enerxía

enerxía luminosa

forma de enerxía

provocar cambios

ondas

■ Escribe a palabra que falta sobre as características da luz.

As _____ que transmiten a luz propáganse en _____, en todas direccións e a gran velocidade polo espazo e tamén no _____.

■ De que tipo de obxecto se fala?

- **Os obxectos transparentes:** deixan pasar a luz e permiten ver o que hai detrás con nitidez. Por exemplo: o aire, o cristal dunha xanela, a auga limpa, etc.
- **Os obxectos translúcidos:** deixan pasar a luz, pero non permiten ver o que hai detrás con nitidez. Por exemplo: o cristal esmerilado, a auga turbia, unha tea fina, etc.
- **Os obxectos opacos:** son os que non deixan pasar a luz. Por exemplo: unha porta de madeira ou unha parede.

■ Une cada palabra co defecto de visión correspondente

A miopía	A medida que envellecen o cristalino endurecese e perde a capacidade de variar o seu grosor, polo que resulta máis difícil enfocar correctamente os obxectos.
A hipermetropía	Os obxectos afastados vense borrosos, pero os moi próximos enfócanse con moita claridade.
O astigmatismo	Aparición de zonas opacas no cristalino, que impiden o paso da luz e, por tanto, prexudican a visión.
A presbicia	A visión é borrosa, tanto de preto como de lonxe, e os obxectos vense distorsionados.
As cataratas	Vese mal de preto, pero ben de lonxe.

